

EL ROMANCE DEL ANICETO Y LA FRANCISCA 1588

Leonardo Favio, 1966

ESTREA EN NUMAX: 09.09.2025 | V.O. | 63 min

Aniceto é un home solitario que se dedica ás pelexas de galos e encontra o amor na humilde Francisca. Porén, a chegada doutra muller, Lucía, complica a relación, desencadeando un triángulo amoroso e conflitos entre as dúas mulleres.

O pase contará con presentación e coloquio do cineasta e crítico arxentino Ramiro Sonzini, programador do ciclo.



Un home que quixo máis do que puido

Por Fernando Martín Peña

Se na súa ópera prima *Crónica de un niño solo*, as influencias cinematográficas eran máis ou menos obvias nalgunhas secuencias, na súa segunda longametraxe hai unha extraordinaria depuración estilística que deixa exposta só a propia voz. *Crónica de un niño solo* sorprendía pola seguridade que Favio demostraba no uso dos seus recursos narrativos e pola marcada austeridade do seu ton, pero parece unha película barroca se a comparamos con *El romance del Aniceto y la Francisca*, onde o único que escapa á rigorosa síntese expositiva é a lonxitude do seu título. Esta vez as influencias pertencen exclusivamente á contorna máis próxima do realizador: un conto do seu irmán Zuhair Jury, a atmosfera da vila de ambos (Luján de Cuyo, provincia de Mendoza) e o gusto polas diversas formas de entretemento popular, neste caso o teatro de pobo ou as historietas.

No rigoroso proceso de síntese narrativa que define todo o relato Favio desposúese non só das súas influencias cinéfilas senón ademais de todos os modelos narrativos convencionais e sae a buscar outra cousa: un cinema do esencial composto de imaxes que posúen a forza gráfica suficiente como para narrar por si mesmas, subordinándose por completo á montaxe e á palabra. Se este filme é un poema, como observou o crítico Jorge Miguel Couselo, entón a montaxe define o seu ritmo e a palabra a súa cadencia, pero os seus versos son sempre as imaxes e todo o necesario para desenvolver o relato está expresado nelas.

Esa riqueza visual está articulada cunha liberdade formal que só pode atoparse nas distintas vangardas que o cinema coñeceu durante a década do 20 e aínda que o máis probable é que Favio non as coñecese, vincúlase naturalmente a elas pola súa falta de prexuízos, a súa mirada virxe que propicia o descubrimento. Escribiuse moito sobre o modo en que o filme se aparta da linguaxe clásica, pero quizá deba agregarse que esa ruptura non ten ningunha importancia en si mesma senón só en función do ton do relato que a xustifica.

Nos filmes de Favio o punto de partida nunca é a vontade de ruptura, non hai ningún a priori teórico, ningún sistema programático para experimentar coa forma, nin se trata de producir un distanciamento co espectador mediante a evidencia dos artificios da linguaxe. Pola contra, Favio válese desprexuízadamente de calquera elemento ou recurso formal que considere adecuado para involucrar emocionalmente ao público nun efecto preciso que é sempre de orde narrativa.

Adoita dicirse que *El romance del Aniceto y la Francisca* é un filme moroso, de longos planos maiormente fixos, pero iso tampouco é exacto. Pola contra, a cámara móvese case constantemente, en xeral para realizar travellings de virtuosa precisión e toda a zona inicial do filme desenvólvese cun marcado dinamismo. Como corresponde ao relato, o longo plano fixo comeza a impoñerse cando Aniceto queda progresivamente só, tras perder primeiro á Francisca, deseguido a Lucía e finalmente ao Blanquito, o galo de pelexa que é case o seu confidente. Os tres son inalcanzables, como queda ratificado na última escena, cuxa fatalidade trágica foi anunciada desde o comezo da tristeza, desde que o Aniceto quixo máis do que puido.